



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



IES PAZO DA MERCÉ

CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 2023-2024

Todas e todos temos o mesmo dereito
a que se respecten as nosas diferenzas



ÍNDICE

ÍNDICE

1	Introdución	3
2	Identificación das necesidades educativas 2023/2024	4
3	Obxectivos	8
4	Medidas de atención á diversidade	9
	4.1. Ordinarias	9
	4.2. Extraordinarias	11
5	Criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas	17
6	Recursos	18
7	Mecanismos de coordinación e colaboración	19
	7.1. Coordinación interna	19
	7.2. Coordinación cos centros adscritos	21
	7.3. Coordinación coas familias e axentes externos	21
8	Outras accións dentro do Plan de atención á diversidade	22
9	Seguimento, avaliación e mellora do Plan	24
10	Anexos	26



1. INTRODUCCIÓN

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada profesional da educación; tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa.

A resposta educativa a esta diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Do que se trata, como se indica no punto un do artigo único da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE), é garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

No marco destes principios, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste, enténdese por atención á diversidade:

O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Segundo este Decreto e a Orde que o desenvolve (Orde do 8 de setembro de 2021), no marco da nova Lei educativa, podemos definir ao **alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE)** como aquel que require dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentaren:

- **Necesidades Educativas Especiais (NEE):** derivadas de discapacidade ou por trastornos graves da conduta ou da comunicación e da linguaxe.



- **Trastornos da atención ou da aprendizaxe.**
- **Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.**
- **Situación de vulnerabilidade educativa:** desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de outra índole.
- **Altas capacidades intelectuais:** que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a CI: 130, alto nivel de creatividade e persistencias nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.
- **Incorporación tardía ao sistema educativo:** por procederen doutros países ou por outro motivo xustifico.
- **Condicións persoais ou de historia escolar:** alumnado menos sometido a medidas de responsabilidade penal, alumnado sometido a medidas de protección e tutela, alumnado afectado por medidas de violencia de xénero ou acoso escolar, alumnado pertencente a familias itinerantes, alumnado procedente do estranxeiro, ou atención educativa a mozas embarazadas.

O citado Decreto de atención á diversidade sinala, no artigo 11, que ao comezo de cada curso escolar, os Departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual (PXA).

Así mesmo, no artigo 13, recolle que ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

No IES Pazo da Mercé impártense 3 etapas educativas: Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato (BACH) nas modalidades de Ciencias e



Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais e Formación Profesional (Básica, na especialidade de Informática de Oficina; de Grao Medio, Sistemas Microinformáticos e Redes; e de Grao Superior, Deseño de Aplicacións Web).

Contamos con 325 alumnos e alumnas e cun claustro conformado por 43 profesores e profesoras.

As liñas e alumnado que temos en cada curso das distintas etapas son as seguintes:

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH
2 liñas 26 alumnas/os	2 liñas 33 alumnas/os	2 liñas 34 alumnas/os	2 liñas 33 alumnas/os	2 liñas 30 alumnos/as	1 liña 30 alumnas/os
1º FPB	2º FPB	1º CM	2º CM	1º CS	2º CS
1 liña 8 alumnas/os	1 liña 8 alumnos/as	1 liña 25 alumnos/as	1 liña 29 alumnas/os	1 liña 20 alumnas/os	1 liña 19 alumnas/os

Con respecto á diversidade detectada no noso centro:

NEAE	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	BAC	FPB	CM	CS
Discapacidade			1			2		
Trastorno Grave Conduta						1		
Trastorno grave da comunicación e da linguaxe								
Retraso madurativo								
Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación								
Trastornos da atención ou da aprendizaxe	1	1		1		3		
Con descoñecemento grave da lingua								
En situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural								
Altas capacidades								
De incorporación tardía ao sistema educativo								
Con condicións persoais ou de historia escolar	6	4	7	10		6		
Con TEA								
Con Dislexia			1					
Con dificultades específicas de aprendizaxe		5	6	2		1		
Con plurideficiencia	1	2		1				
Con diversidade sensorial		1		1				
% alumnado con neae	30,77	39,39	44,11	45,45		81,25		



Como podemos observar na táboa, gran parte da diversidade no centro débese a causas de condicións persoais ou de historia escolar. Contamos cunha porcentaxe de alumnado que repetiu algunha vez no ensino obrigatorio dun 25%, existindo 4 alumnos/as en 1º ESO que xa permaneceron dous anos máis no ensino obrigatorio e que promocionarán por imperativo legal, en risco pois de fracaso ou de abandono escolar.

A recollida de información necesaria para a identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo farase a través de:

6

a) Recollida de Información dos CEIP adscritos:

Ao longo do curso o departamento de orientación manterá reunións trimestrais coas persoas responsables da orientación dos CEIP adscritos co obxectivo de recoller información do alumnado que previsiblemente se vaia incorporar ao noso IES para facilitar a **continuidade na progresión da acción educativa**, integrar a todo o alumnado no seu novo grupo e na dinámica do centro e conseguir dar **respostas adaptadas** a aquel que poida requirir dun apoio especial.

Será moi importante contar coa información clara e detallada nos preceptivos informes de finais de etapa (6º E. Primaria) ao remate de cada curso escolar, para poder organizar as medidas de atención á diversidade con este alumnado. Farase tamén necesario o traslado da información relevante por parte das familias do novo alumnado para a adecuación da nosa resposta educativa á diversidade do alumnado.

Esta recollida de información poderá levarse a cabo mediante informes en soporte papel ou utilizando formularios aloxados en abalar-box, que facilitarán o seu manexo e acceso á información.

b) Sesións de avaliación:

Avaliación Inicial: a principios do mes de outubro realizarase a avaliación inicial en cada un dos cursos da ESO, nas que se recollerá información sobre:

- Nivel de competencia curricular de cada materia.
- Clima de convivencia na aula e no centro.



- Axustes das medidas de atención á diversidade propostas.
- Aspectos organizativos de aula.

Realizaranse **tres sesións de avaliación** coincidindo cos tres trimestres do curso: primeira, segunda e terceira avaliación, e esta última coincidirá coa avaliación final na ESO e coa avaliación final ordinaria no Bacharelato e en FP. Realizarase unha **sesión de avaliación extraordinaria** no Bacharelato e na FP.

c) **Xuntanzas de titoría:** reunións do profesorado titor de cada nivel coa xefatura do departamento de orientación, así como coas especialistas de PT do IES e/ou coa xefatura de estudos cando sexa necesaria a súa presenza. Nestas reunións farase o seguimento da evolución académica, persoal e social do alumnado, o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e o axuste das medidas de atención á diversidade aplicadas a nivel individual e grupal.

d) **Reunións dos equipos docentes:** ademais das preceptivas xuntas de avaliación realizaranse xuntanzas de equipo, sempre que se considere necesario, para unha mellor coordinación do profesorado do grupo. Contarase na aula virtual do centro cun espazo no que os equipos docentes poidan coordinar a súa actividade orientadora e titorial, así como axustar a resposta educativa de forma coordinada aos distintos perfís de aula.

e) **Revisión de informes e informacións** que se elaboraran no centro de procedencia. Nos casos que se considere oportuno, e seguindo o protocolo de demanda posteriormente descrito, e coa acreditación da información á familia, o departamento de orientación en colaboración co profesorado e as familias, realizará as avaliacións psicopedagóxicas e os informes pertinentes.

f) **Coordinación e seguimento** dos casos que o requiran cos Servizos Sociais do Concello, Centro de Saúde e outras institucións ou asociacións.

Para a intervención específica do departamento de orientación co alumnado



do centro con NEAE ou NEE, fóra de intervencións máis puntuais ou ordinarias a nivel de grupo-clase na aula, ou para a súa valoración psicopedagóxica, deberase facer a **demanda por escrito á xefatura do departamento de orientación, utilizando soporte papel ou, preferentemente, o correo electrónico, xunto coas causas que provocan a solicitude de intervención.** De xeito xeral, dita demanda farase a través da persoa titora do grupo, mediante modelo normalizado que se presenta nos anexos.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** desta planificación é dar resposta á diversidade do alumnado do IES Pazo da Mercé, a través de distintas medidas que respondan as súas necesidades individuais e contribuír así á consecución das competencias e obxectivos da etapa na que se atopan.

Para conseguilo, teremos en conta os seguintes **obxectivos específicos**:

- Organizar os recursos humanos e materiais do centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e en especial a aquel que presenta necesidade específica de apoio educativo.
- Atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, dende o currículo ordinario e a través de medidas ordinarias.
- Dar ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Clarificar as responsabilidades de cada un/ha dos/as profesionais do equipo educativo nun contexto de cooperación.



4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CURSO 23/24

Na atención daquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo, seguindo as liñas indicadas no Decreto 229/2011, poden establecerse dúas vías de atención á diversidade: *medidas ordinarias* e *medidas extraordinarias*, que veremos máis detidamente a continuación.

4.1. Medidas Ordinarias (Art. 42 da Orde do 8 de setembro de 2021)

De conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse *medidas ordinarias* de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

As *medidas ordinarias* de atención á diversidade coas que contamos son:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula:** Coa finalidade de adecuar a estrutura organizativa á diversidade, dende os principios de inclusión, de equidade, de heteroxeneidade e de optimización dos recursos, o centro establece os criterios para a elaboración dos horarios, a asignación das titorías, o agrupamento do alumnado e a distribución das aulas, unidades e /ou espazos.
- **Adecuación das programacións didácticas:** As programacións didácticas estarán guiadas polo estilo pedagóxico do centro e, cando menos, pola liña metodolóxica e as culturas de inclusión, da diversidade, da coordinación da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da avaliación, da recuperación e da relación co contorno. O profesorado desenvolve as programacións didácticas considerando o estilo



pedagóxico do centro, o nivel de competencia curricular (ncc) de cada alumna/o e as axudas que precise, tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) e facilitando espazos para a participación de todo o alumnado.

- **Traballo colaborativo, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos.**
- **Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación:** Consideramos a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión, a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario, prestando atención ás propostas que figuran nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos.
- **Reforzo educativo e apoio do profesorado.**
- **Programas de enriquecemento curricular** (de ser preciso implementalo).
- **Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con pendentas.**
- **Plan específico personalizado para o alumnado repetidor na ESO.**
- **Programas de habilidades e competencias sociais:** Elaborado polo DO para traballar de forma individualizada co alumnado que presente condutas disruptivas. Actividades de reflexión sobre os sentimentos e comportamentos xunto con outras en relación coa asertividade, empatía e habilidades básicas de comunicación. No caso de alumnado privado do dereito de asistencia ao centro pódese prever o envío das actividades ou ben, realízalas no propio departamento durante ou á volta da sanción.

Todas as aulas están dotadas de diversos medios técnicos (proxector e ordenador, pizarra dixital) para facilitar o uso de recursos didácticos que requiran medios audiovisuais, con acceso á rede Internet. Contamos cunha aula de apoio (Aula PT) con materiais adaptados e recursos técnicos e didácticos para atender ao alumnado con necesidades educativas especiais, cando na súa avaliación psicopedagóxica se recolla de forma extraordinaria a necesidade da súa atención especializada fóra da aula ordinaria.



4.2. Medidas Extraordinarias (Art. 54 da Orde do 8 de setembro de 2021)

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse **medidas extraordinarias de atención á diversidade** todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade ESPECÍFICA de apoio educativo que poden requirir:

- modificacións significativas do currículo ordinario e/ou
- supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso,
- nos elementos de acceso ao currículo ou
- na modalidade de escolarización.

Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación destas medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección educativa, da Xefatura territorial ou da Dirección xeral que corresponda.

Adaptacións curriculares: Medida extraordinaria que se pode aplicar cando



valoramos un desfase curricular importante (2 cursos ou máis) no alumnado. Trátase de priorizar, modificar ou suprimir contidos e criterios de avaliación do currículo ordinario de referencia (o do curso no que o alumnado se atope matriculado). A avaliación do alumnado terá en conta


o establecido na súa ACS de cara á promoción e a titulación na ESO.

Debe ser enviada no mes de novembro ao Servizo de Inspección Educativa para a súa aprobación.

Previsión das ACS para o presente curso:

- 1º ESO: 1 alumna e 1 alumno
- 2º ESO: 2 alumnos e 1 alumna
- 3º ESO: 1 alumno
- 4º ESO: 1 alumna

O procedemento é o que segue:



Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT): A



intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas ESPECIAIS, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade ESPECÍFICA de apoio educativo.

Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

Este apoio levarase a cabo preferentemente dentro da aula ordinaria.

Contamos con 2 especialistas PT que prestan apoio nos grupos da ESO e en 1º FPB. Unha das especialistas ten concedida unha redución de xornada de 1/3, tendo a outra unha dedicación de 1/2 ao centro. O apoio lévase a cabo nas aulas ordinarias, a excepción de horas individualizadas con un alumno de 3º ESO e unha alumna de 1º ESO, que en ocasións son atendidos fóra da aula ordinaria.




NOS
Oposicións



Diagrama de fluxo do procedemento

APOIO PROFESORADO PT E/OU AL



Flexibilización da duración do período de escolarización: De ser necesaria, seguiremos o establecido pola *Orde do 8 de setembro de 2021*.

Flexibilización por redución na ESO



Flexibilización por ampliación na ESO



Flexibilización por redución en BAC



Flexibilización por ampliación en BAC



Programa de Diversificación Curricular (PDC): Medida extraordinaria dirixida




a alumnado que presente dificultades de aprendizaxe e que xa tivera outras medidas de atención á diversidade previas. Establecerase en 3º e 4º ESO e as materias serán agrupadas en ámbitos: socio-lingüístico e científico-tecnolóxico.

O grupo terá un máximo de 10 alumnos/as. As familias estarán informadas, expresando a súa conformidade ante a proposta do equipo docente na avaliación final de curso.


A medida será aprobada polo Servizo de Inspección educativa.

Neste curso temos 8 alumnos e alumnas que integran o 3º ESO-PDC e que comparten co grupo 3º ESO A materias non integradas nos ámbitos, a excepción e EVCE.



Atención educativa ao alumnado con dificultades de asistencia continuada a un centro docente:

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente no que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como






consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo, as medidas de atención educativa domiciliaria, hospitalaria ou virtual, seguindo o seguinte procedemento:

Non contamos este curso con solicitudes de atención educativa domiciliaria, hospitalaria ou virtual, aínda que si temos alumnado que presenta dificultades de asistencia ao centro docente. O procedemento a seguir no caso de solicitar atención educativa domiciliaria ou hospitalaria, para a coordinación sería:

Nos Oposicións  **Diagrama de fluxo do procedemento**
ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA - HOSPITALARIA  **atrote**
RECURSOS EDUCATIVOS



Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal ou a protección e tutela:



Atención educativa a alumnado afectado por violencia de xénero e/ou



acoso escolar: Seguiranse os protocolos publicados pola Consellería. Con respecto ao seu tratamento segundo a Orde do 8 de setembro de 2021:



Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes ou alumnado procedente do estranxeiro:


Nos Oposicións



Diagrama de fluxo do procedemento

ALUMNADO FAMILIAS ITINERANTES / ALUMNADO ESTRANXEIRO

atrote RECURSOS EDUCATIVOS



17



Grupos de adquisición das linguas ou de adaptación do nivel de competencia curricular (para o alumnado procedente do estranxeiro).


Nos Oposicións



Diagrama de fluxo do procedemento

GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS / DE ADAPTACIÓN DO NCC

atrote RECURSOS EDUCATIVOS





Atención educativa a mozas embarazadas:

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

As medidas de atención á diversidade organizaranse dentro do horario xeral do instituto ou, cando este permaneza aberto, a través do uso flexible dos recursos persoais, dos espazos e dos medios dispoñibles. A planificación concreta das mesmas e a realización das actividades de apoio e reforzo correspondentes dependerá do tipo de medida e as condicións que se establezan neste plan para aplicalas.

A aplicación, organización e distribución das medidas propostas dependerá, por tanto, en primeiro lugar da dispoñibilidade de recursos persoais (profesorado con horario suficiente nos departamentos correspondentes), de espazos adecuados e aulas libres, no caso das medidas de carácter grupal, e, nalgúns casos, da posibilidade de contar con recursos materiais e medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados.

Tamén dependerá do tipo de dificultades e necesidades que se detecten ao inicio de cada curso e da valoración do tipo de medidas máis axeitadas para atendelas. No caso de propoñer medidas de carácter organizativo que supoñan a formación de grupos, dependerá de que exista un número de alumnado suficiente cun perfil apropiado para poñelas en práctica e profesorado.

No que respecta á **organización e distribución dos recursos** á hora de aplicar as medidas anteriormente propostas, determinaranse as seguintes **prioridades**:

1. Alumnado con NEE / proposta de ACS.



2. Alumnado con outras NEAE en situación de vulnerabilidade socioeducativa.
3. Alumnado con outras NEAE con apoios e recursos fóra do centro educativo.
4. Demais alumnado do centro.

6. RECURSOS

Os **recursos** cos que contamos para levar a cabo a atención á diversidade son:

Recursos humanos:

- ✓ Equipo directivo.
- ✓ Titoras/es.
- ✓ Equipos docentes.
- ✓ Departamento Orientación.
- ✓ Persoal de Administración e Servizos do IES.
- ✓ Equipo de Orientación Específico (EOE-Pontevedra).
- ✓ Auxiliar Coidadora.
- ✓ Servizos Sociais do Concello.
- ✓ Servizos Sanitarios do SERGAS.
- ✓ Asociacións, Fundacións, ONGs.

Recursos materiais e organizativos:

- ✓ Aula de Pedagogía Terapéutica.
- ✓ Departamento de Orientación.
- ✓ En xeral, recursos e instalacións para o uso de todo o alumnado dispoñibles: aulas, aulas de informática, laboratorios, Biblioteca, etc.
- ✓ Materiais educativos varios e bibliografía.
- ✓ Xuntanzas e reunión ao longo do curso.
- ✓ Espazo na aula virtual do centro para a coordinación docente e a facilitación de recursos.
- ✓ Conta en abalar-box para levar a cabo a xestión do departamento.

A dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais estará condicionada pola organización académica do centro.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

7.1. Coordinación interna



No que se establece na Orde do 8 de setembro de 2021, con respecto á coordinación e a responsabilidade á hora de poñer en marcha as medidas de atención á diversidade no centro, resúmense na seguinte infografía:

20

Nos
 Oposicións

CADRO RESUMO DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE AT. Á DIVERSIDADE
atrote
 RECURSOS EDUCATIVOS
 

MAD EXTRAORDINARIA	Familia	Autoriza	Alumnado	Cursos	Av. Psicop.	Informe titoría	Informe final
ACIS	Información acreditada	Inspección educativa	Acnee, excep. acneae	EP e ESO	●		
AGUPAM, FLEXIBLES	Conformidade	Inspección educativa	Dif. de aprendizaxe	5º e 6º de EP e ESO		●	●
APOIO PT E/OU AL		Dirección do centro	Acnee, excep. acneae	Prioritario: EI, EP, ESO			●
FLEXIB. POR AMP. EI, EP, ESO	Solicitude	Secretaría Xeral	Acnee	Ata os 7 anos EI, 6º EP ata os 15 anos, ESO ata 19 anos en ordinario, 21 en especial	●	●	
FLEXIB. POR RED. EI, EP, ESO	Conformidade	Secretaría Xeral	Altas Capacidades	3º curso 2º ciclo EI, 2º ou 4º EP (xeral), 1º-2º-3º ESO	●	●	
PDC	Opinión	Inspección educativa	Acneae con dif. ap.	Alumnado que cursa 2º, 3º, 4º ESO (con cond.)	●	●	
DIF. ASISTENCIA	Solicitude	Domiciliaria: Xefatura Territorial Hospitalaria: Profesorado aula hosp. Virtual: Inspección educativa	Razóns médicas	Alumnado escolarizado		●	●
GRUPOS ADQ. LINGUAS	Información acreditada	Inspección educativa	Estranxeiro con desconecemento das 2 linguas	EP, ESO, excep. 3º curso 2º ciclo de EI		●	
GRUPOS ADAP. NCC	Información acreditada	Inspección educativa	Estranxeiro con desfase curricular de 2 ou máis cursos	2º e 3º ciclo EP e ESO		●	●

Ademais desta coordinación necesaria para a posta en marcha das diferentes medidas, para asegurar un desenvolvemento adecuado das actividades de reforzo e apoio é necesario establecer unha coordinación entre o profesorado que imparte estes reforzos e o profesorado das materias, especialmente das instrumentais, así como levar a cabo procedementos para o seguimento, avaliación e adaptación das diferentes medidas de atención á diversidade, coa finalidade de adaptarnos ó mellor posible ás necesidades que en cada momento expresa o noso alumnado, o profesorado e as familias.

Os departamentos determinarán as directrices que rexerán esta coordinación co obxecto de lograr a conexión e continuidade entre o traballo que se realiza



na aula e o que se realiza nos reforzos e apoios, así como o seu peso na avaliación da materia.

As coordinación coas titorías de ESO e FPB levaranse a cabo a través da reunión semanal establecida no horario coa orientadora do centro e, de ser necesario, coa xefatura de estudos e/ou o profesorado especialista en PT. O departamento de orientación reunirase semanalmente para tratar as cuestión derivadas das necesidades de apoio así como outras que vaian xurdindo e sexa necesario valorar.

Outras xuntanzas para a coordinación interna serán:

- ✓ Reunións da CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica).
- ✓ Reunións de avaliación e reunións dos equipos docentes de determinados grupos convocadas pola dirección do centro.
- ✓ Reunións informais dos compoñentes do departamento de orientación con xefes/as doutros departamentos, ou con profesorado en xeral que aplica, ou non, calquera medida atención á diversidade, para asesorar ou recoller información sobre a evolución do alumnado concreto.
- ✓ Equipos docentes creados na aula virtual.

7.2. Coordinación cos centros adscritos

Os responsables de orientación dos centros de primaria acudirán, coma mínimo, a tres reunións anuais (unha por trimestre) do departamento de orientación no noso instituto para asegurar a coordinación, a coherencia e o traspaso de información.

Faremos una reunión ao remate do curso escolar coa finalidade de recoller información do alumnado que previsiblemente se vai incorporar ao IES, para facilitar a continuidade da acción educativa, integrar a todo o alumnado no seu novo grupo e na dinámica do centro e conseguir dar respostas axeitadas a quen poida requirir dun apoio especial.

Ademais, organizaremos conxuntamente a Xornada de portas abertas (no momento en que o calendario abra a solicitude de prazas, no mes de febreiro-marzo) e a Xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación e as súas familias (mes de maio). Nesta xornada serán recibidos/as polo equipo directivo



e, no seu caso, pola xefatura do departamento de orientación, cunha charla inicial e cun percorrido polo IES no que coñecerán as distintas dependencias do centro.

7.3. Coordinación coas familias e axentes externos

Dende o departamento de orientación establecerase no horario semanal unha hora de atención a pais/nais ou titores/as legais no que poderán solicitar asesoramento. No noso caso, esta hora terá carácter flexible a atenderemos ás demandas que sexa posible vía telefónica e presencialmente cando sexa necesario.

Así mesmo, informarase aos pais/nais ou titores legais de aquelas medidas de atención á diversidade nas que participe o seu fillo/a e solicitaráselle autorización cando esta sexa necesaria. Tamén se lles manterá informados/as da evolución do alumnado con respecto ás mesmas, coa colaboración das persoas titoras.

Manterase unha estreita colaboración cos Servizos Sociais do Concello e outras institucións do entorno, nos casos de alumnado con unha casuística familiar-social desfavorable.

Solicitaremos a intervención do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra cando sexa preciso, para asesoramento e/ou intervención en aspectos psicopedagóxicos específicos e/ou cuestións sociais ou mesmo familiares do alumnado cando estas teñan incidencia no ámbito educativo.

Con respecto á coordinación con outras persoas profesionais externas que interveñan con algún alumno/a, as reunións estableceranse coa presenza das familias, departamento de orientación e titoría, para asegurar a coordinación e o deseño dun plan de intervención individualizado. Só no caso de autorización expresa da familia mediante documento poderase establecer reunións coas persoas profesionais externas sen a presenza da familia, e sempre por causa xustificada.



8. OUTRAS ACCIÓNS DENTRO DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Tramítanse as becas do MECED para alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este curso tramitaranse sete solicitudes.
- Confecciónase o horario de apoio do profesor especialista en PT, que despois se eleva á Xefatura de Estudos correspondente.
- Realízanse as avaliacións psicopedagóxicas que son demandadas e as actuacións que delas se derivan: elaboración de informes psicopedagóxicos, derivación aos Servizos de Saúde, etc.
- Elabóranse pautas e orientacións didácticas e metodolóxicas para o profesorado, en relación ás diversas necesidades que presenta o alumnado.
- Solicítase a intervención do Equipo de Orientación Específico, cando é preciso.
- Realízanse reunións coas familias do alumnado con NEAE, dende a titoría e o Departamento de Orientación.
- Establécese contacto cos servizos externos: servizos sociais e sanitarios e gabinetes psicopedagóxicos, colaborando no seguimento dos casos e no establecemento das medidas máis axeitadas para cada alumno/a, elaboración de informes., etc. e sempre seguindo os protocolos de protección de datos.
- Dentro do Plan de Acción Titorial, establécense actividades para o fomento do recoñecemento e o respecto á Diversidade.
- Debemos ter en conta outras medidas pendentes de solicitude (Contratos Programa) coas que poderemos dispoñer dos recursos imprescindibles para ofrecer unha resposta o máis adecuada posible dadas as circunstancias ás necesidades no noso centro, para seguir promovendo o valor e o respecto que a diversidade merece e seguir enriquecéndonos con ela.



Debemos ter en conta o calendario ordinario de solicitude de medidas de atención á diversidade, recollido na Orde do 8 de setembro de 2021. A este respecto, cabe salientar que, se ben na meirande parte dos casos, tramitarémolas respectando este calendario, pode durante o curso verse a necesidade de solicitar de forma extraordinaria e fóra do prazo previsto algunha das medidas, ben porque o alumno/a se incorpora ao centro, ou por verse insuficientes as medidas que nun principio se valoraron de aplicación.



9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento deste plan será continuo e realizarase en diversos niveis coma son as reunións de coordinación de titoría da ESO coa orientadora e a xefa de estudos. Tamén nas xuntanzas da orientadora co profesorado de apoio. Por suposto, nas avaliacións preceptivas: avaliación inicial, nas tres avaliacións ordinarias do curso e reunión da avaliación final/extraordinaria así como nas reunións que convoque a xefatura de estudos co profesorado dun grupo determinado co obxectivo de establecer criterios e pautas de actuación



respecto ás necesidades educativas dese alumnado para tomar, se fose o caso, decisións sobre medidas de atención educativa.

Os **criterios de avaliación** para determinar a calidade do plan, que teremos en conta serán, entre outros, os seguintes:

- ✓ Coherencia do plan coas necesidades do centro.
- ✓ Desenvolvemento das competencias básicas.
- ✓ Grao de implicación e cooperación dos responsables no desenvolvemento do plan.
- ✓ O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- ✓ A variedade e innovación de actividades propostas.
- ✓ A eficacia metodolóxica e da temporalización.
- ✓ A adecuación dos recursos humanos, didácticos e espaciais.
- ✓ A satisfacción das familias, profesorado e o alumnado.

Ao final de curso, a xefa do DO realizará a **memoria** do plan de atención á diversidade e desta concerción anual, na que se recollerán, polo menos, o seguintes aspectos:

- ✓ Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan e cambio, se procede, na realidade educativa.
- ✓ Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren neste.
- ✓ Conclusións e propostas concretas de mellora.

As Neves, 4 de outubro de 2023

Asdo. Irene Fariña Lamosa

Substituta da Xefa do Departamento de Orientación M^a Pilar Suárez Carrera



10. ANEXOS

26

1	Solicitude de valoración/avaliación psicopedagóxica	25
2	Autorización de valoración/avaliación psicopedagóxica	26
3	Acreditación da información ás familias	27
4	Solicitude de informes por parte da nai/pai/titor/a legal	28



ANEXO I

SOLICITUDE DE VALORACIÓN /AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./Dna.....en concepto de do alumno/a.....

solicito a realización da Avaliación Psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, coa finalidade de realizar unha valoración que permita identificar as súas posibles necesidades educativas e darlle a resposta máis axeitada para garantir o mellor desenvolvemento das súas capacidades.

MOTIVOS POLO QUE SE SOLICITA A VALORACIÓN:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

As Neves, a de de 202

Asdo.:



ANEXO II

AUTORIZACIÓN DE VALORACIÓN /AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./Dña..... pai/nai/titor-a legal do alumno/a declaro que fun informada/o da realización da Avaliación Psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, coa finalidade de realizar unha valoración que permita identificar as súas posibles necesidades educativas e darlle a resposta máis axeitada para garantir o mellor desenvolvemento das súas capacidades.

Con respecto a información recibida:

- Amoso a miña conformidade e participación no proceso de avaliación.
- Amoso a miña disconformidade co proceso de avaliación.
- Rexeito participar no proceso de avaliación.

As Neves, a de..... de 202

Asdo.:



MODELO DE ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Recollido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o D229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO

Apelidos:		Nome:	
Curso:		Grupo:	

Pola presente, declaro que o equipo docente coordinado polo profesorado titor, informoume da aplicación das seguintes medidas de atención á diversidade co meu fillo/filla/titorando/titoranda:

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
	Plan específico de reforzo para o alumnado que permanece un ano mais no mesmo curso (Art. 50-52)
	Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pasa de curso con materias sen superar (Art. 51)
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
	Adaptación Curricular nas seguintes áreas/materias:
	•
	Incorporación a un Programa de Diversificación Curricular
	Incorporación a un grupo de adquisición de linguas
	Incorporación a un grupo de adaptación da competencia curricular

Con respecto a información recibida:

	Expreso a miña conformidade coa/s medida/s proposta/s
	Expreso a miña disconformidade coa/s medida/s proposta/s

Nos casos nos que sea preceptiva a avaliación psicopedagóxica do meu fillo/filla/titorando/titoranda:

	Expreso a miña conformidade e comprométome participar no proceso de avaliación psicopedagóxica
	Expreso a miña disconformidade co proceso de avaliación psicopedagóxica

En....., de..... de 202

Asdo (nai/titora legal):	Asdo (pai/titor legal):



SOLICITUDE DE INFORMES POR PARTE DO PAI/NAI/TITOR/A LEGAL

Recollido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o D229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO

Apelidos:		Nome:	
Curso:		Grupo:	

Pola presente, eu..... en calidade de..... solicito:

INFORMES	
	Expediente de Adaptación Curricular
	Informe psicopedagóxico

En....., de..... de 202

Asdo (nai/titora legal):	Asdo (pai/titor legal):